



## CIRCULAR INFORMATIVA

Estimada familia:

Informámola que na Orde do 9 de maio de 2018 ( DOG do 21 de maio) convócanse **AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR E LIBROS DE TEXTO E PARA PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:**

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: destinadas a todo o alumnado de E. Primaria.

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO: destinadas ao alumnado que vaia a cursar 1º ou 2º de E. Primaria no curso 18-19

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: destinado ao alumnado que vaia a cursar 3º, 4º, 5º, e 6º de E. Primaria no curso 18-19

O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (**E-Dixgal**) no curso 18/19 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

As axudas outórganse segundo a renda per cápita familiar do 2016. En caso de ter presentado a declaración da renda: sumaranse as casillas 392 e 405 e o resultado dividírase polo número de membros computables (a 31/12/2016). Cando non se teña presentado declaración da renda, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2016 de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

### RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita			
	≤ 5.400 €	>5.400 € e ≤ 9.000 €	≤ 5,400 €	En garda ou tutela da Xunta	Material	Discapacidade ≥ 65 %	
	Libros de texto		Material			Libros	Material
1º e 2º EP	170 €	90 €	50 €	170 €	50 €	250 €	50 €
3º, 4º, 5º e 6º EP	Fondo: 6 libros (1)	Fondo: 4 libros (1)		Fondo: 6 libros (1)		Fondo: 6 libros(1) ou: 250 € (2)	
Alumnado con NEAE (3)	170 €	90 €		170 €			

- (1) O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.  
 (2) O alumnado cunha discapacidade ≥ 65% matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine.  
 (3) O alumnado con NEAE que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expedíralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine.

## DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- **ANEXO I** (solicitud) debidamente cuberto
- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:**

a) **ANEXO II** para comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar, **asinado** por todos eles

No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE
- Declaración de impostos sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado de tributación de imputacións no exercicio 2016.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).

b) **COPIA DO LIBRO DE FAMILIA** onde figuren todos os membros computables.

Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro do 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, por exemplo:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) **Violencia de xénero** : Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de **incapitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado docente de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe de servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso do que o pai/nai/titores legais carezan de DNI e NIE**.

### DEBEN TRAER ORIXINAIS E COPIA PARA SER COTEXADOS NA SECRETARÍA DO CENTRO

**Requisito imprescindible:** Todo o alumnado que fora beneficiario do fondo solidario e da axuda para adquisición de libros de texto no curso 2017-18 **terá que ter devolto os libros en bo estado entre o 20 e o 21 de xuño** (salvo o alumnado de 1º e 2º de E.Primaria).

### PRAZOS

A solicitude será única ANEXO I (ED330B) para todas as axudas e para todos os fillos que estean admitidos no centro para o curso 2018/19 e entregarse na secretaria do centro **ata o 22 de xuño** (incluído).

O centro publicará no taboleiro unha relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas o día 26 de xuño. Período de reclamación 27 e 28 de xuño. Listaxe definitiva: 29 de xuño.

A entrega de libros farase polos titores nos primeiros días de clase do curso 2018-19

O Porriño, 22 de maio de 2018

A directora,

Teresa Castro Ruiz